

Matriz de Contabilidade Social. Ano 2011

RESUMO DE RESULTADOS

O Instituto Galego de Estatística publica¹ a actualización da Matriz de Contabilidade Social correspondente ao ano 2011. As estimacións están adaptadas aos novos cambios metodolóxicos e estatísticos que introduce a nova base contable (base 2010) e son coherentes co Marco Input-Output de Galicia publicado fai dúas semanas.

Esta operación estatística ofrece información das rendas salariais por sexo, rama de actividade, nivel de estudos e tipo de fogar. Achega información do volume de gasto por tipo de fogar e grupo de produto.

O 88% das rendas salariais pagadas ás mulleres proceden do sector servizos, fronte ao 61% nos homes

A participación dos traballadores con estudos superiores no total da renda salarial chega ao 48% do total, e é especialmente relevante no caso das mulleres (56%).

A industria e a construción centran o descenso nas rendas mixtas percibidas en Galicia con respecto a 2008.

Os fogares cuxa principal fonte de renda son as remuneracións do traballo concentran a meirande parte do gasto final dos fogares. Porén, dende 2008, incrementouse a achega dos fogares cuxa principal fonte de renda son as prestacións sociais.

O gasto en "vivenda, auga, electricidade, gas e outros combustibles" absorbe o 20% do consumo final dos fogares.

A Matriz de Contabilidade Social (MCS) é unha operación estatística que debe contextualizarse no Sistema de Contas Económicas de Galicia cuxo núcleo principal está formado polas Contas

¹ O 15 de setembro de 2015 corrixíuse este resumo de resultados tras advertir un erro nas estimacións correspondentes á renda mixta e os outros impostos netos sobre a produción na rama de actividade "Servizos II" (CNAE O-T).

económicas de Galicia e o Marco Input-Output de Galicia, ambas operacións consolidadas segundo o Plan galego de estatística.

O principal obxectivo desta operación de síntese é servir de vínculo entre os procesos de xeración de valor engadido e a descrición dos fluxos de bens e servizos dunha economía, recollidos nunha Táboa Input-Output (TIO), e o papel das persoas e os fogares na economía. Proporciona, por tanto, información de carácter social, pero o que a distingue doutras estatísticas máis específicas é que ofrece consistencia entre as estatísticas sociais e as contas económicas.

A Matriz de Contabilidade Social de Galicia achega información da remuneración do factor traballo (*soldos e salarios* se falamos de traballo asalariado e *renda mixta* se consideremos o traballo por conta propia) por categorías socioeconómicas: ramas de actividade, sexo e nivel de estudos. Achega tamén información por tipo de fogar (os fogares clasifícanse en catro tipos segundo a principal fonte de renda do fogar), para o total de rendas do traballo percibidas na economía de Galicia e información sobre o gasto en consumo por tipo de fogar e produto consumido.

I.-SOLDOS E SALARIOS²

Entre o ano 2008 e o 2011 a masa salarial descende case un 5%

A diminución por sexos concéntrase nos homes cunha caída da masa salarial do 8%, mentres que nas mulleres a masa salarial sube un 1%. Consecuentemente, prodúcese unha perda de peso dos soldos e salarios da poboación masculina: no ano 2008 supoñen o 62% da masa salarial e no 2011 o 60%.

Soldos e salarios (por sexo)

Soldos e salarios en miles de euros


	2008			2011		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Total	13.143.226	8.073.094	21.216.320	12.077.319	8.186.079	20.263.398
Distribución por sexo	61,9%	38,1%	100%	59,6%	40,4%	100%
Peso sobre PIB	22,5%	13,8%	36,3%	21,5%	14,5%	36,0%

Fonte: IGE. *Matriz de Contabilidade Social*


² Os soldos e salarios **inclúen** as remuneracións en efectivo e en especie en termos brutos, isto é, inclúe as cotizacións sociais e os impostos sobre a renda a cargo do asalariado, que o empregador retén e paga directamente aos sistemas de seguros sociais. **Non inclúe** as cotizacións sociais a cargo dos empregadores.

Soldos e salarios. Comparativa 2008-2011

Soldos e salarios sobre PIB



Taxa de variación 2008-2011 en %




Fonte: IGE. *Matriz de Contabilidade Social*

Os soldos e salarios supoñen o 36% do PIB no ano 2011, correspondendo o 21% aos salarios dos homes e o 15% aos salarios das mulleres. Tres anos antes este peso era practicamente igual cun cambio significativo na composición por sexo: o peso das rendas percibidas pola poboación masculina perde un punto porcentual e o da poboación feminina incrementase na mesma proporción, o que vén explicado porque nos primeiros anos da crise os sectores máis afectados foron a industria e, sobre todo, a construción nos que predomina a man de obra masculina.

O sector Servizos absorbe o 88% dos soldos e salarios das mulleres fronte ao 61% nos homes

A distribución por sexo e ramas de actividade mostra diferenzas significativas entre a composición da man de obra masculina e feminina: Case o 90% dos soldos e salarios das mulleres encádranse no sector servizos, fronte ao 61% nos homes. Dentro dos servizos, a diferenza entre ambos sexos está centrada nas ramas agrupadas en O:T (Administración pública, educación, actividades sanitarias,...) cun peso do 52% nas mulleres e dun 25% nos homes. En contraste, para estes últimos, a Industria (Industria Manufactureira e Sector enerxético) achega o 22% das rendas salariais mentres que tan só alcanza o 9% nas mulleres.

Distribución dos soldos e salarios por rama de actividade e sexo. Ano 2011



Fonte: IGE. *Matriz de Contabilidade Social*


Claves: A: Sector primario / BDE: Sector enerxético / C: Industria Manufactureira / F: Construción / G:N Comercio, transporte, hostalería, telecomunicacións, servizos financeiros e servizos a empresas / O:T Administración pública, ensinanza e sanidade, servizos sociais e cultura

As ramas que experimentan unha maior caída no período 2008-2011 son a Construción e a Industria Manufactureira con perdas do 28% e 12%, respectivamente.

Soldos e salarios por rama de actividade e sexo

Taxas de variación 2008-2011 (%)

Distribución por grandes sectores



Fonte: IGE. *Matriz de Contabilidade Social*

Claves: C: Industria Manufactureira / F: Construción / G:N Comercio, transporte, hostalería, telecomunicacións, servizos financeiros e servizos a empresas / O:T Administración pública, ensinanza e sanidade, servizos sociais e cultura

Por sexos, nestes dous sectores, a diminución da masa salarial alcanza o máximo na construción na poboación masculina e na industria manufactureira na feminina.


Os Soldos e salarios das mulleres co nivel de estudos máis elevado supoñen o 56% da súa masa salarial, fronte a un 43% no caso dos homes

A distribución dos Soldos e salarios por nivel de estudos mostra que, en termos relativos, a masa salarial procedente de poboación cun maior nivel de estudos é superior nas mulleres que nos homes. No ano 2011 o 56% dos Soldos e salarios das mulleres proceden de poboación co nivel de estudos máis alto, fronte a un 43% no caso dos homes. Pola contra, os Soldos e salarios xerados pola man de obra co nivel de estudos máis baixo (que non supera a segunda etapa da educación básica), no caso dos homes supera un terzo da masa salarial e nas mulleres sitúase no 23%.


A diminución de masa salarial entre os anos 2008 e 2011 concéntrase no nivel de estudos máis baixo e afecta a ambos sexos, aínda que con maior intensidade nos homes. Isto provoca que a proporción de Soldos e salarios xerados pola poboación con maior nivel educativo aumente en torno a dous puntos porcentuais.

Soldos e salarios por nivel de estudos e sexo

Distribución por niveis de estudo



Taxas de variación 2008-2011 (%)



II.-RENDAS MIXTAS³

No período 2008-2011 o volume das rendas mixtas descende un 17%

Este descenso é resultado dunha caída do 20% no caso dos homes e do 11% no das mulleres. Consecuentemente, prodúcese unha perda de peso das rendas mixtas xeradas pola poboación masculina: no ano 2008 supoñían o 68% da renda mixta total, mentres que no 2011 sitúanse en torno ao 66%.

Renda mixta por sexo

Renda mixta en miles de euros


	2008			2011		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Total	5.650.623	2.618.017	8.268.640	4.504.839	2.337.859	6.842.698
Distribución por sexo	68,3%	31,7%	100%	65,8%	34,2%	100%
Peso sobre PIB	9,7%	4,5%	14,2%	8,0%	4,2%	12,2%

Fuente: IGE. *Matriz de Contabilidade Social*


Con respecto á súa achega no PIB, no ano 2011 supoñen en torno ao 12%, repartíndose entre homes e mulleres no 8% e o 4% respectivamente. A evolución dende o ano 2008 mostra unha perda de peso de dous puntos porcentuais e, ademais, esta perda prodúcese en ambos sexos, sendo no caso das xeradas polos homes de case dous puntos.

Renda mixta. Comparativa 2008-2011

Renda mixta sobre PIB



Taxa de variación 2008-2011 en %



Fuente: IGE. *Matriz de Contabilidade Social*

³ As rendas mixtas son os ingresos derivados do traballo por conta propia. Presentan as características dos soldos e salarios, así como os beneficios polo traballo realizado como empresario individual.


Ao igual que ocorría cos soldos e salarios, o enorme deterioro da construción e das ramas ligadas a este sector nos primeiros anos da crise, constitúe o factor máis importante para explicar a diferenza na evolución por sexo no período 2008-2011.

Dende o ano 2008 ao 2011 o volume das rendas mixtas decrece un 29% na construción e un 14% na industria

No período 2008-2011 a remuneración do traballo autónomo cae en todos os sectores en ambos sexos. Porén, os sectores máis afectados son a industria e a construción, con caídas máis intensas no caso das mulleres que, na construción, superan o 60%, o que converte a presenza deste sector en marxinal. En canto ao resto dos sectores, destacan os descensos do 8% e do 24% nos sectores primario e de servizos das rendas mixtas xeradas pola poboación masculina. Esta evolución sectorial produce un incremento significativo (do 26% ao 28%) do peso do sector primario nas rendas do traballo autónomo total.

A distribución do volume de rendas mixtas por sexo e sectores revela grandes diferenzas entre as estruturas sectoriais de ambos sexos. O 95% das xeradas pola man de obra feminina (por conta propia) concéntranse no sector primario e nos servizos fronte a un 66% da man de obra masculina.

Distribución das rendas mixtas por rama de actividade e sexo. Ano 2011



Fonte: IGE. *Matriz de Contabilidade Social*


III.-TIPOLOXÍA DE FOGARES SEGUNDO A PRINCIPAL FONTE DE RENDA

No período 2008-2011 o peso dos fogares cuxa principal fonte de ingresos son as pensións contributivas e outro tipo de renda increméntase en catro puntos


No ano 2011, aproximadamente o 56% dos fogares galegos teñen como principal fonte de ingresos as rendas procedentes do traballo (soldos e salarios e renda mixta). O 44% restante repártese entre os fogares nos que as pensións contributivas supoñen a principal fonte de renda (36%) e os que dependen das prestacións por desemprego, pensións non contributivas e outras rendas.

Número de fogares segundo a principal fonte de renda

Distribución porcentual



Taxa de variación 2008-2011 do número de fogares



Fonte: Elaboración propia a partir de IGE. *Enquisa de condicións de vida das familias*

(*) Fogares cuxa principal fonte de renda son as prestacións por desemprego, as pensións non contributivas, rendas da propiedade e outro tipo de rendas non incluídas noutros apartados

Se comparamos esta estrutura coa do ano 2008, obsérvase un cambio moi significativo: neste curto período de tempo prodúcese unha caída de catro puntos porcentuais do peso dos fogares cuxa principal fonte de renda son os ingresos procedentes do traballo. É dicir, se no ano 2008 o 40% dos fogares eran do tipo 3 ou 4 (fogares cuxa principal fonte de renda son as

pensións contributivas, as prestacións e subsidios por desemprego, as prestacións non contributivas e outro tipo de renda), no 2011, constitúen o 44%.

IV.-CONSUMO FINAL POR GRUPO DE PRODUCTOS E TIPO DE FOGAR

O consumo final dos fogares nos que a principal fonte de renda son as pensións contributivas supoñen case un 30% do total do consumo final


No ano 2011, o consumo final dos fogares cuxa principal fonte de renda son os soldos e salarios supón a metade do total do consumo; séguelle en importancia o grupo formado polos fogares que teñen coma principal fonte de renda as pensións contributivas que acadan un 29,5% do total do consumo final.

A evolución dende o ano 2008 da estrutura do consumo final por tipo de fogar é coherente cos cambios sinalados respecto á composición dos fogares: neste curto período de tempo, o peso do consumo final correspondente aos fogares cuxa fonte principal de renda se xera fóra do mercado laboral increméntase en case cinco puntos porcentuais.

Gasto en consumo final por tipoloxía de fogar

Datos en miles de euros

Taxa de variación 2008-2011 (%)



Fonte: IGE. *Matriz de Contabilidade Social / Ministerio de Empleo y Seguridad Social. Anuario de estadísticas*

No período 2008-2011, o consumo final diminúe nun 2,4%. Esta diminución concéntrase no volume de gasto dos fogares cuxa principal fonte de ingresos son as rendas do traballo. É dicir, prodúcese un desprazamento do consumo final cara aos fogares cuxa principal fonte de renda non procede do mercado laboral. É especialmente senlleiro, pero coherente cos cambios sinalados na distribución do número de fogares segundo tipo, o incremento do volume de

consumo final nos fogares tipo A4, debido ao crecemento do paro e, por tanto, dos fogares nos que as percepcións por desemprego constitúen a principal fonte de renda.

O gasto en "Vivenda, auga, electricidade, gas e outros combustibles" absorbe o 19,6% do consumo final dos fogares⁴

Os gastos en vivenda, auga, electricidade, gas e outros combustibles, agrupados no "Grupo 4" da clasificación de gasto constitúe o grupo de produtos cunha maior achega (20%) no consumo final dos fogares galegos no ano 2011. Séguenlle en importancia, con valores superiores ao 10%, o gasto en "Hoteis, cafés e restaurantes" (Grupo 11), "Alimentos e bebidas non alcohólicas" (Grupo 1) e "Transportes" (Grupo 7). Estes catro grupos de gasto representan o 63,5% do total do gasto dos fogares.


Se examinamos a composición do gasto segundo o tipo de fogar, obsérvanse diferenzas moi significativas entre os fogares cuxa principal fonte de renda son as rendas do traballo e o resto dos fogares. Nestes últimos, os gastos en alimentación, en vivenda (incluídos os gastos de electricidade e gas) e saúde absorben case a metade do gasto total, fronte a un 32,6% nos outros fogares. Outra diferenza importante son os gastos do grupo 11 ("Hoteis, cafés e restaurantes") que alcanzan un 21% nos fogares cuxa fonte principal de ingresos son as rendas do traballo e o 12% no resto de fogares.

⁴ A Matriz de Contabilidade Social achega información do gasto en consumo por grupo de produtos e por tipo de fogar. A clasificación de produtos utilizada é a "Clasificación de bens e servizos. COICOP", elaborada pola Organización de Nacións Unidas (ONU) baixo a denominación "Classification of Individual Consumption According to Purpose"


Gasto en consumo final por tipo de fogar. Ano 2011

Distribución porcentual do gasto


**Principal fonte de renda: salarios
rendas mixtas (A1+A2)**




**Principal fonte de renda: pensións
contributivas e outras (A3+A4)**



Distribución porcentual do gasto por grupo de produto e tipo de fogar. 2008 e 2011



Variación porcentual do gasto por grupo de produtos e tipo de fogar. 2008-2011



Fonte: IGE. *Matriz de Contabilidade Social*

GRUPO DE PRODUTO: a clasificación de produtos utilizada é a COICOP. En particular:

G1: Alimentos e bebidas non alcohólicas (COICOP 01)

G4: Vivenda, auga, electricidade, gas e outros combustibles (COICOP 04)

G6: Saúde (COICOP 06)

G7: Transportes (COICOP 07)

G11: Hoteles, cafés e restaurantes (COICOP 11)

Resto: Resto de gastos

TIPO DE FOGAR POR PRINCIPAL FONTE DE RENDA:

A1. Salarios

A2. Rendas mixtas

A3. Pensións contributivas

A4. Outras rendas (prestacións por desemprego, rendas da propiedade e outras

O incremento do gasto en vivenda (grupo G4) establece a diferenza máis salientable na análise das estruturas do gasto no período 2008- 2011. Por tipo de fogar, o volume de gasto deste grupo de produtos aumenta en todos os fogares, acadando a taxa de crecemento máis elevada (33%) naqueles fogares cuxa principal fonte de renda son as pensións contributivas e non contributivas, as prestacións por desemprego e outro tipo de renda. No resto dos produtos, o volume de gasto diminúe nos fogares cuxa fonte principal de ingresos son os soldos e salarios e as rendas mixtas, e aumenta no outro tipo de fogares; o que se traduce nunha redución do 9% no volume total de gasto e nun aumento do 13% respectivamente.


Todo isto produce que o peso dos gastos en vivenda (Grupo G4) no consumo final dos fogares no ano 2011 supere en tres puntos porcentuais ao do ano 2008.

O gasto medio por fogar diminúe nun 6% do ano 2008 ao 2011

Como consecuencia da evolución do número de fogares e do gasto total por tipo de fogar, o gasto medio dos fogares cuxa principal fonte de ingresos non procede do mercado laboral (do tipo A3+A4) permanece practicamente invariable no período considerado, mentres que nos dos fogares cuxa principal fonte de renda son os soldos e salarios ou as rendas mixtas (tipo A1+A2) diminúe un 6%.

Gasto medio por tipo de fogar

Euros por fogar



Fonte: IGE. *Matriz de Contabilidade Social*

Todo isto implica que se reducen as diferenzas no gasto medio por fogar entre os dous grandes tipos de fogares. Así, se no ano 2008 o gasto medio daqueles fogares cuxa principal fonte de

renda provén do mercado laboral (A1+A2) superaba nun 61% aos do resto (A3+A4), no ano 2011 esa cifra sitúase nun 53%.

Agás os gastos de vivenda, esta redución afecta a todos os produtos con caídas superiores ao 5% e que acadan o 12% en transportes e o 9% en alimentación. En canto ao gasto medio en vivenda, prodúcese un incremento do 12%, o que implica que no 2011 este gasto supón case un quinto do gasto medio dos fogares, ou ,en termos absolutos, que o gasto por este concepto supera en 695€/fogar ao do ano 2008.

Por tipo de fogar, as reducións mais salientables do gasto medio nos fogares cuxa principal fonte de renda provén do mercado laboral (A1+A2), en torno ao 12%, prodúcense por orden de importancia en "Alimentación", "Saúde" e "Transportes". Pola contra, o gasto medio en vivenda sube un 10%; en consecuencia, o gasto medio destes fogares redúcese nun 6% (2.482€ no período).

Gasto medio por tipo de fogar

Euros por fogar

	A1+A2		A3+A4		TOTAL	
	2008	2011	2008	2011	2008	2011
G1. Alimentos e bebidas non alcohólicas (COICOP 01)	5.780	5.071	4.890	4.759	5.425	4.934
G4. Vivenda, auga, electricidade, gas e outros combustibles (COICOP 04)	5.956	6.528	5.533	6.423	5.787	6.482
G6. Saúde (COICOP 06)	1.301	1.139	1.151	1.237	1.241	1.182
G7. Transportes (COICOP 07)	5.520	4.846	2.350	2.330	4.255	3.740
G11. Hoteis, cafés e restaurantes (COICOP 11)	8.325	8.076	3.412	3.023	6.365	5.855
Resto de gastos	14.673	13.411	8.398	7.717	12.170	10.908
TOTAL	41.555	39.073	25.734	25.487	35.244	33.100

Fonte: IGE. *Matriz de Contabilidade Social*

TIPO DE FOGAR POR PRINCIPAL FONTE DE RENDA:

A1. Salarios / A2. Rendos mixtas / A3. Pensións contributivas / A4. Outras rendas (prestacións por desemprego, rendas da propiedade e outras rendas)

Naqueles fogares nos que a principal fonte de renda está fóra do mercado laboral o gasto medio total permanece practicamente estable, debido a que o crecemento do gasto medio en saúde (7%) e en vivenda (16%) compensa a diminución do gasto no resto dos grupos de produtos. A evolución no período do gasto medio en vivenda mostra que no ano 2011 os

fogares pagan 890€ máis que ao principio do período e que, ademais, este gasto supoña a cuarta parte do gasto medio total dos fogares.

ANEXO
Soldos e salarios por rama de actividade e sexo

Datos en miles de euros

Literal Ramas	Código Ramas	2008			2011		
		Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	A	446.249	59.243	505.492	451.708	90.086	541.794
Industrias extractivas e enerxía	BDE	307.482	38.161	345.643	301.825	33.907	335.732
Industria manufactureira	C	2.698.350	818.071	3.516.421	2.385.154	696.709	3.081.863
Construción	F	2.266.411	179.765	2.446.176	1.587.888	168.284	1.756.172
Servizos I	G:N	4.454.756	2.859.564	7.314.320	4.331.819	2.948.196	7.280.015
Servizos II	O:T	2.969.978	4.118.290	7.088.268	3.018.925	4.248.897	7.267.822
Total ramas		13.143.226	8.073.094	21.216.320	12.077.319	8.186.079	20.263.398

Fonte: IGE. Matriz de Contabilidade Social

A rama de actividade "Servizos I" inclúe servizos de Comercio, transporte, hostalería, servizos financeiros, telecomunicacións e servizos a empresas. Seccións da CNAE incluídas: G a N

A rama de actividade "Servizos II" inclúe servizos de Administración Pública, Sanidade e Educación, servizos sociais, servizos culturais e servizos persoais. Seccións da CNAE incluídas O a T

Soldos e salarios por nivel de estudos

Datos en miles de euros

Nivel de estudos	2008			2011		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Baixo	4.951.722	2.012.616	6.964.338	4.308.304	1.906.860	6.215.164
Intermedio	2.830.963	1.566.146	4.397.109	2.612.788	1.685.163	4.297.951
Superior	5.360.541	4.494.332	9.854.873	5.156.227	4.594.056	9.750.283
Total	13.143.226	8.073.094	21.216.320	12.077.319	8.186.079	20.263.398

Fonte: IGE. Matriz de Contabilidade Social

 Códigos da Clasificación Nacional de Educación (CNED-2000) incluídos en cada nivel de estudos: **Superior:** 51 a 61: Primeiro e segundo ciclo de educación superior / **Intermedio:** 31 a 41: Segunda etapa de ensinanza e ensinanza postsecundaria non superior / **Baixo:** 80, 11, 12, 21, 22, 23: Ensinanza preprimaria, primaria, ou primeira etapa de educación básica. Primeira etapa de ensinanza secundaria ou segunda etapa de educación básica

Rendas do traballo (asalariado e non asalariado) por tipo de fogar

Datos en miles de euros

Fogares cuxa principal fonte de renda é:	2008			2011		
	Soldos e salarios	Renda Mixta	Total	Soldos e salarios	Renda Mixta	Total
I: Salarios	20.036.676	1.749.955	21.786.631	18.852.424	1.319.583	20.172.007
II: Rendas mixtas	632.087	5.640.225	6.272.312	454.379	4.662.842	5.117.221
III: Pensións contributivas	835.867	533.977	1.369.844	915.510	483.180	1.398.689
IV: Outros fogares	134.497	150.966	285.462	224.947	157.038	381.985
TOTAL	21.639.127	8.075.123	29.714.250	20.447.261	6.622.643	27.069.904

 Fonte: IGE. *Matriz de Contabilidade Social*
Gasto en consumo final por tipo de fogar e grupo de produtos

Porcentaxes verticais: distribución do gasto por grupo de produtos (%)

	2008			2011		
	Fogares A1+A2	Fogares A3+A4	TOTAL	Fogares A1+A2	Fogares A3+A4	TOTAL
G 1. Alimentos e bebidas non alcohólicas	13,9	19,0	15,4	13,0	18,7	14,9
G 2. Bebidas alcohólicas, tabaco e narcóticos	3,8	3,1	3,6	3,7	3,5	3,6
G 3. Artigos de vestir e calzado	5,6	4,3	5,2	5,4	4,0	4,9
G 4. Vivenda, auga, electricidade, gas e outros combustibles	14,3	21,5	16,4	16,7	25,2	19,6
G 5. Mobiliario, equipamento do fogar e gastos correntes de conservación da vivenda	4,9	5,8	5,1	4,5	5,3	4,7
G 6. Saúde	3,1	4,5	3,5	2,9	4,9	3,6
G 7. Transportes	13,3	9,1	12,1	12,4	9,1	11,3
G 8. Comunicacions	2,7	2,3	2,6	2,8	2,5	2,7
G 9. Ocio, espectáculos e cultura	8,6	5,6	7,7	7,9	5,7	7,2
G 10. Ensinanza	1,3	0,4	1,0	1,3	0,5	1,1
G 11. Hoteis, cafés e restaurantes	20,0	13,3	18,1	20,7	11,9	17,7
G 12. Outros bens e servizos	8,4	11,1	9,2	8,7	8,7	8,7
TOTAL	100	100	100	100	100	100

 Fonte: IGE. *Matriz de Contabilidade Social*
Fogares A1+A2: Fogares cuxa principal fonte de renda son as rendas do seu traballo (soldos e salarios –A1- e rendas mixtas –A2-).

Fogares A3+A4: Fogares cuxa principal fonte de renda non son as rendas procedentes do mercado (pensións contributivas –A3- e prestacións de desemprego, pensións non contributivas e outras rendas –A4-)

Gasto en consumo final por tipo de fogar e grupo de produtos

Porcentaxes horizontais: distribución do gasto en cada grupo de produtos por tipo de fogar

	2008			2011		
	Fogares A1+A2	Fogares A3+A4	TOTAL	Fogares A1+A2	Fogares A3+A4	TOTAL
G 1. Alimentos e bebidas non alcohólicas	64,0	36,0	100,0	57,6	42,4	100,0
G 2. Bebidas alcohólicas, tabaco e narcóticos	74,6	25,4	100,0	67,5	32,5	100,0
G 3. Artigos de vestir e calzado	76,2	23,8	100,0	72,1	27,9	100,0
G 4. Vivenda, auga, electricidade, gas e outros combustibles	61,9	38,1	100,0	56,4	43,6	100,0
G 5. Mobiliario, equipamento do fogar e gastos correntes de conservación da vivenda	67,3	32,7	100,0	62,4	37,6	100,0
G 6. Saúde	63,0	37,0	100,0	54,0	46,0	100,0
G 7. Transportes	78,0	22,0	100,0	72,6	27,4	100,0
G 8. Comunicacions	74,1	25,9	100,0	68,8	31,2	100,0
G 9. Ocio, espectáculos e cultura	78,9	21,1	100,0	72,9	27,1	100,0
G 10. Ensinanza	88,3	11,7	100,0	83,9	16,1	100,0
G 11. Hoteis, cafés e restaurantes	78,6	21,4	100,0	77,3	22,7	100,0
G 12. Outros bens e servizos	64,8	35,2	100,0	66,0	34,0	100,0

Fonte: IGE. *Matriz de Contabilidade Social*

Fogares A1+A2: Fogares cuxa principal fonte de renda son as rendas do seu traballo (soldos e salarios –A1- e rendas mixtas –A2-).

Fogares A3+A4: Fogares cuxa principal fonte de renda non son as rendas procedentes do mercado (pensións contributivas –A3- e prestacións de desemprego, pensións non contributivas e outras rendas –A4-)

Para máis información: _____

Instituto Galego de Estatística

Complexo Administrativo San Lázaro s/n

15703 Santiago de Compostela (A Coruña)

Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?paxina=005006001&idioma=gl>

Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)

FAX: 981.54.13.23

Síguenos en Twitter: https://twitter.com/IGE_Estadistica

Síguenos en Facebook: <https://www.facebook.com/INSTITUTOGALEGOESTADISTICA?sk=wall>

